

Á DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA CONSELLARÍA DE FACENDA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15771 Santiago de Compostela

ADECUACIÓN DA ORDE DE FLEXIBILIDADE HORARIA E TELETRABALLO Á LEI 7/2004 PARA A IGUALDADE DE MULLERES E HOMES

Fernando García Fernández, con NIF 35304555S, con enderezo válido para os efectos de notificacións no enderezo indicado na cabeceira deste escrito e na dirección de correo electrónico autonomica@cigadmon.org, secretario nacional da CIG-Autonómica, en nome e representación desta organización sindical, en relación co **PROXECTO DE ORDE CONXUNTA DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E DA CONSELLERÍA DE FACENDA, POLA QUE SE REGULA A XORNADA E HORARIO DE TRABALLO, A FLEXIBILIDADE HORARIA E O TELETRABALLO NO ÁMBITO DO SECTOR PÚBLICO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**, aprobado na Comisión de Persoal do 11 de outubro de 2013, por medio do presente escrito achego a seguinte **ALEGACIÓN**:

No terceiro parágrafo da alínea a) do artigo 6.3.1 do referido Proxecto de Orde, dispónse o seguinte en relación coa flexibilización horaria por razóns de conciliación da vida laboral e familiar:

“Dentro das 7:30 e as 18:30 horas, fixarase, en cada caso, a petición da persoa interesada e oídos os órganos de representación do persoal, o horario diario de referencia, **procurando establecer unha franxa horaria de presenza obrigada acorde coas funcións desenvoltas polo traballador, salvo que as circunstancias persoais e familiares do interesado non o permitan**. Este horario diario de referencia poderá ser superior ás 18.30 horas sempre que o centro ou edificio administrativo permaneza aberto e como máximo abranguerá ata as 20.00 horas de luns a xoves, e ata as 15.30 horas os venres.”

Ao entender desta organización sindical, **este parágrafo contraviría a Lei 7/2004**, do 16 de xullo (DOG núm. 149 do 03/08/2004) para a igualdade de mulleres e homes, cuxo artigo 44.1 (revisado pola Lei 2/2007 do 28 de marzo -DOG 13 de abril-, do traballo en igualdade das mulleres) dispón o seguinte:

“Todo o persoal funcionario, eventual, interino, estatutario ou laboral ao servizo da Administración pública galega **con fillos/fillas ou acollidos/acollidas menores de doce anos, ou con familiares conviventes que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten a asistencia doutras persoas**, poderá solicitar, e concedéndosele se as necesidades do servizo o permitisen, a flexibilización da xornada de traballo dentro dun horario diario de referencia, determinado en cada caso, a petición da persoa interesada e ouvida a representación legal do persoal, pola dirección de persoal da unidade administrativa ou centro de traballo. A decisión, se as necesidades do servizo o permitisen, **recoñecerá o máis amplo horario diario de referencia posible**. Dentro do horario diario de referencia establecido, a persoa interesada poderá cumprir a súa xornada de traballo con absoluta liberdade, sempre e cando, en cómputo mensual, resulten cumpridas todas as horas mensuais de traballo aplicables.”

Neste sentido, o artigo 44.1 da Lei 7/2004 dispón, para o suposto da autorización da xornada flexible por conciliación familiar, **o recoñecemento do horario diario de referencia máis amplo posible** que sexa compatible coas necesidades do servizo.

A Lei 4/2007, por outro lado, establece como **único requisito** para o recoñecemento do horario de referencia máis amplo, por outro lado, a condición de ter fillos/as menores de 12 anos ou familiares convivintes que precisen a asistencia doutras persoas.

Ao noso entender, en contradición do disposto na citada Lei, a alínea a) do artigo 6.3.1. do Proxecto de Orde conxunta vén a **condicionar a non imposición dunha franxa horaria fixa** de referencia diaria á **exhibición de circunstancias persoais e familiares** do interesado.

Esta esixencia de xustificación de circunstancias persoais e familiares concretas, á maiores da condición subxectiva xenérica esixida na Lei - ter fillos menores de 12 anos ou familiares convivintes que precisen asistencia-, vulneraría o mandato do lexislador mediante unha unha Orde de desenvolvemento, ao amputar o dereito recoñecido na Lei a gozar do horario diario de referencia máis amplo posible, que **só pode estar condicionado polas necesidades do servizo, e non polas circunstancias persoais e familiares** da persoa que solicita a flexibilización horaria.

Alén de non estar prevista na Lei 7/2004 a, esixencia da exhibición ante a Administración de circunstancias persoais e familiares do interesado como requisito para a non imposición dunha franxa horaria fixa na flexibilización por conciliación familiar constitúe unha **intromisión non desexable na intimidade** do persoal da Administración que desexe acollerse a esta modalidade de flexibilidade.

Por todo o dito, **SOLICITO**:

Que se modifique o terceiro parágrafo da alínea a) do artigo 6.3.1 do **PROXECTO DE ORDE CONXUNTA DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E DA CONSELLERÍA DE FACENDA, POLA QUE SE REGULA A XORNADA E HORARIO DE TRABALLO, A FLEXIBILIDADE HORARIA E O TELETRABALLO NO ÁMBITO DO SECTOR PÚBLICO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**, no sentido de eliminar o texto "*procurando establecer unha franxa horaria de presenza obrigada acorde coas funcións desenvoltas polo traballador, salvo que as circunstancias persoais e familiares do interesado non o permitan*", resultando o texto seguinte:

"Dentro das 7:30 e as 18:30 horas, fixarase, en cada caso, a petición da persoa interesada e oídos os órganos de representación do persoal, o horario diario de referencia. Este horario diario de referencia poderá ser superior ás 18.30 horas sempre que o centro ou edificio administrativo permaneza aberto e como máximo abranguerá ata as 20.00 horas de luns a xoves, e ata as 15.30 horas os venres."

No caso de que se manteña a actual redacción do referido Proxecto de Orde, **esta central sindical consideraría a interposición do oportuno recurso ante os Tribunais de Xustiza**, en aras de asegurar a prevalencia do mandato do lexislador nos termos do artigo 44.1 da Lei 7/2004.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2013
O secretario nacional da CIG-Autónomica

Fernando García Fernández